



UNIVERSIDADE
DE VIGO

ESCOLA SUPERIOR DE ENXEÑERÍA INFORMÁTICA

PLAN DE MELLORAS 2007/2008

Aprobado en Consello de Centro o 5/12/2007

Plan de Melloras da ESEI 2007/2008

(Aprobado polo Consello de Centro o 5/12/2007)

Obxectivos xerais do Plan

O obxectivo deste Plan de Accións de Mellora 2007/2008 é seguir avanzando pola senda marcada nos Planos de Melloras desenvolvidos nos últimos cursos. A Universidade en xeral, e os Centros en particular, están cada vez máis obrigados a adoptar unha cultura integral da calidade como único xeito de competir e facer fronte ós novos retos das reformas de todo tipo que se están a producir dende fai xa varios anos no ámbito universitario. A inmediata implantación de sistemas de garantía de calidade como o programa FIDES no Sistema Universitario de Galicia fai máis importante se cabe a concienciación na cultura da calidade de todos os que traballamos e estudamos na ESEI.

A Comisión de Calidade da ESEI presenta unha relación de accións de mellora agrupadas en tres grandes planes.

- 1) Un **Plan de Relacións Exteriores e Institucionais**, que tenta achegar aínda máis o noso Centro á realidade empresarial e laboral do noso ámbito, ao tempo que se desenvolve unha imaxe de marca recoñecible e de prestixio.
- 2) Un **Plan de Calidade Docente e Adaptación ó Espacio Europeo de Educación Superior** (EEES). As accións recollidas neste epígrafe van dirixidas ao fomento das iniciativas de converxencia co EEES e a mellorar a formación e os resultados académicos do noso alumnado (porcentaxes de presentados e aprobados nos exames, redución do tempo medio necesario para a superación das titulacións,...).
- 3) Un **Plan de Xestión de Procesos e Sistemas de Información**, que ten por obxectivo principal dotar á ESEI de sistemas de información de especial interese en diferentes ámbitos como a docencia e a xestión.

Cada un destes plans está formado por unha serie de accións de mellora a levar a cabo durante o actual curso académico. Hai accións que precisarán de financiación específica, mentras que outras, aínda que sen coste económico, precisarán do esforzo e a colaboración de todos os que estudan e traballan na ESEI.

Para financiar as accións que o precisen o Centro utilizará as partidas do Programa de Calidade e as propias do Centro, así como as fontes de financiación externas que poida conseguir (Vicerreitoría do Campus de Ourense, Área de Calidade,...).

RELACIÓN E FINANCIACIÓN DAS ACCIÓNS DE MELLORA

Código	Acción	Responsable seguimento
PLAN DE RELACIÓNS EXTERIORES E INSTITUCIONAIS		
RE-01/0708	INCREMENTO DE PRÁCTICAS EN EMPRESAS	Responsable de Relacións Institucionais
RE-02/0708	ESTABLECEMENTO DE MECANISMOS DE COMUNICACIÓN COS EGRESADOS E EMPLEADORES	Responsable de Relacións Institucionais
RE-03/0708	INCREMENTO DA MOBILIDADE DE ALUMNOS E PROFESORES DA ESEI	Responsable de Relacións Institucionais
RE-04/0708	ESTUDIO E SEGUIMENTO DA INSERCIÓN LABORAL	Responsable de Relacións Institucionais
RE-05/0708	DIFUSIÓN DA OFERTA FORMATIVA DA ESEI	Responsable de Relacións Institucionais
PLAN DE CALIDADE DOCENTE E ADAPTACIÓN AO EEES		
CD-01/0708	TITORIZACIÓN E ORIENTACIÓN DE NOVOS ALUMNOS	Subdirectora de Organización Académica
CD-02/0708	INCREMENTO DO NÚMERO DE MATERIAS ADAPTADAS Á DOCENCIA DO EEES	Subdirectora de Organización Académica
CD-03/0708	INCREMENTO DA OFERTA DE FORMACIÓN COMPLEMENTARIA	Subdirectora de Organización Académica
CD-04/0708	INCREMENTO DO NÚMERO DE ALUMNOS PRESENTADOS A EXAME	Subdirectora de Organización Académica
CD-05/0708	MELLORA DOS RESULTADOS ACADÉMICOS	Subdirectora de Organización Académica
PLAN DE XESTIÓN DE PROCESOS E SISTEMAS DE INFORMACIÓN		
PS-01/0708	DESENVOLVEMENTO E IMPLANTACIÓN DE PROCESOS ADMINISTRATIVOS E DE XESTIÓN NO SISTEMA DE INFORMACIÓN DA ESEI	Subdirector de sistemas
PS-02/0708	MELLORAR A CALIDADE DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN INTERNA	Subdirector de sistemas
PS-03/0708	MELLORAR O PROCEDEMENTO DE RECOLLIDA DE QUEIXAS E SUXERENCIAS	Director

PLAN DE RELACIÓNS EXTERIORES E INSTITUCIONAIS

Acción de Mellora RE-01/0708: INCREMENTO DE PRÁCTICAS EN EMPRESAS	
Punto débil	Baixo índice de participación do alumnado nas prácticas en empresas
Planificación da acción	
Obxectivo	Acadar que alomenos o 15% dos alumnos titulados anualmente na ESEI realicen prácticas en empresas.
Actuacións previstas	Publicar na web da ESEI a relación de empresas que ofertan habitualmente prácticas para alumnos das súas titulacións.
	Contactar con empresas para fixar unha oferta cíclica de prácticas.
	Establecer un mecanismo de seguimento do aproveitamento e calidade das prácticas.
	Fomentar os contactos e coñecemento da ESEI no ámbito empresarial mediante a organización de xornadas e reunións.
Responsable do seguimento	Responsable de relacións institucionais da ESEI
Indicadores de execución/acción	Porcentaxe de alumnos que realizan prácticas en empresas.
Recursos / financiamento	-
Observacións	

Acción de Mellora RE-02/0708: ESTABLECEMENTO DE MECANISMOS EFECTIVOS DE COMUNICACIÓN COS EGRESADOS E EMPLEADORES	
Punto débil	Non existe colaboración cos egresados e os empregadores no deseño da oferta formativa da ESEI
Planificación da acción	
Obxectivo	Colaborar de xeito efectivo cos egresados para que transmitan á ESEI posibles melloras nos planos de estudos, necesidades de formación continua, etc.
Actuacións previstas	Crear, a través da asociación de antigos alumnos e dos colexios profesionais, foros de discusión e colaboración
	Organizar xornadas de reunión e grupos de traballo mixtos.
Responsable de seguimento	Responsable de relacións institucionais da ESEI
Indicadores de execución/acción	Aportacións e suxerencias incorporadas á oferta formativa do Centro
Recursos / financiamento	-
Observacións	

Acción de Mellora RE-03/0708: INCREMENTO DA MOBILIDADE DE ALUMNOS E PROFESORES NA ESEI	
Punto débil	Escasa participación do alumnado e profesorado en programas de mobilidade.
Planificación da acción	
Obxectivo	Incrementar o número de alumnos e profesores que participan en programas de mobilidade.
Actuacións previstas	Enviar información periódica aos alumnos, fomentando a súa participación nos programas de mobilidade.
	Publicar información sobre mobilidade na web da ESEI
	Aumentar os convenios con universidades nacionais e estranxeiras
	Fomentar que os alumnos fagan públicas as súas experiencias nos programa de mobilidade (blogs, fotoblogs,...)
	Publicitar a oferta docente da ESEI impartida en idiomas estranxeiros (teoría, prácticas, titorías, documentación das materias,...)
Responsable de seguimento	Responsable de Relacións Institucionais
Indicadores de execución / acción	Número de alumnos e profesores da ESEI que participan en programas de mobilidade. Número de alumnos e profesores que visitan a ESEI en programas de mobilidade.
Recursos / financiamento	
Observacións	

Acción de Mellora RE-04/0708: ESTUDIO E SEGUIMENTO DA INSERCIÓN LABORAL	
Punto débil	Non existe información sobre egresados e empregadores
Planificación da acción	
Obxectivo	Obter información sobre tasa, tempo e condicións de colocación dos egresados da ESEI.
Actuacións previstas	Realizar un estudio que permita coñecer a tasa, tempo e condicións de colocación dos egresados da ESEI.
	Establecer o procedemento de realización periódica do estudio
Responsable de seguimento	Responsable de relacións institucionais da ESEI
Indicadores de execución/acción	Realización do estudio
Recursos / financiamento	-
Observacións	

Acción de mellora RE-05/0708: DIFUSIÓN DA OFERTA FORMATIVA DA ESEI	
Punto débil	Escaso coñecemento da ESEI entre os alumnos potenciais.
Planificación da acción	
Obxectivo	Ofertar aos alumnos potenciais toda a información posible da oferta formativa da ESEI.
Actuacións previstas	Desenvolver unha imaxe de marca recoñecible e de calidade da ESEI.
	Realizar campañas de promoción da ESEI entre os centros de estudio dos alumnos potenciais.
	Divulgar os aspectos máis positivos e competitivos da ESEI mediante publicacións en medios de comunicación, charlas, conferencias, xornadas de portas abertas, vídeos e CDs promocionais,...
	Traducir a información máis relevante da web da ESEI ao inglés.
Responsable de seguimento	Responsable de Relacións Institucionais da ESEI
Indicadores de execución / acción	Número de alumnos inscritos nas titulacións oficiais da ESEI (grado, máster, doutorado) Número de alumnos externos inscritos en outras accións formativas (cursos de formación, especialista, másters non oficiais,...)
Recursos / financiamento	IMAXE CORPORATIVA E PUBLICIDADE Cantidade: 6000 euros Concepto: desenvolvemento de imaxe corporativa, publicidade,...
Observacións	

PLAN DE CALIDADE DOCENTE E ADAPTACIÓN Ó EES

Acción de Mellora CD-01/0708: TITORIZACIÓN E ORIENTACIÓN DE NOVOS ALUMNOS	
Punto débil	O alumnado de primeiro curso non participa activamente no programa de titorización no seu deseño actual, o que dificulta coñecer información relevante como os motivos das baixas cifras de presentados en algunhas materias.
Planificación da acción	
Obxectivo	Dispor dun mecanismo útil e eficaz de titorización e orientación dos alumnos de primeiros cursos da ESEI
Actuacións previstas	Incentivar ao profesor mediante material e na VAD
	Facilitar aos profesores participantes as direccións de correo electrónico dos alumnos asignados.
	Divulgar a iniciativa entre o alumnado do primeiro curso
	Solicitar ao profesorado participante un informe de seguimento da iniciativa.
Responsable de seguimento	Subdirectora de Organización Académica
Indicadores de execución / acción	Grado de participación dos alumnos na iniciativa.
Recursos / financiamento	INCENTIVACIÓN AOS PROFESORES COORDINADORES Cantidade: 1600 euros Concepto: incentivos de material para os profesores participantes.
Observacións	

Acción de Mellora CD-02/0708: INCREMENTO DO NÚMERO DE MATERIAS ADAPTADAS Á DOCENCIA DO EEES	
Punto débil	Existen poucas materias adaptadas á docencia do EEES na ESEI. Escasa formación pedagóxica do profesorado.
Planificación da acción	
Obxectivos	Incrementar o número de materias adaptadas á docencia ECTS na ESEI
Actuacións previstas	Incentivar a impartición de docencia con materias adaptadas a créditos ECTS (material, preferencia na elaboración dos horarios,...)
	Organizar cursos de formación na docencia ECTS para o profesorado, tanto orientados especificamente ás titulacións da ESEI como de formación pedagóxica en xeral.
	Conseguir que un profesor voluntario por cada curso coordine e axude á implantación de docencia ECTS nas materias dese curso.
	Fomentar a agrupación de profesores cun fin común para deseñar e divulgar novos métodos docentes (grupos de innovación docente).
	Mellora e adecuación das infraestructuras á docencia do EEES (postos do profesor, seminarios, división de aulas, reservas de espazos,...)
Responsable de seguimento	Subdirectora de Organización Académica
Indicadores de execución / acción	Número de materias ECTS na ESEI. Grado de satisfacción e aproveitamento do profesorado coa formación recibida.
Recursos / financiamento	<p>CURSOS DE FORMACIÓN PEDAGÓXICA Cantidade: 3.000 euros Concepto: organización de cursos e xornadas de técnicas pedagóxicas e docencia ECTS para o profesorado.</p> <p>INCENTIVO Á COORDINACIÓN DE DOCENCIA ECTS Cantidade: 4.000 euros Concepto: incentivos de material e equipamento aos profesores coordinadores da implantación da docencia ECTS en cada curso</p> <p>BOLSA DE COLABORACIÓN: DESENVOLVEMENTO DUN SISTEMA DE PLANIFICACIÓN E CONTROL DE ESFORZO DO ALUMNADO NAS MATERIAS ADAPTADAS AO EEES Cantidade: 4080 Concepto: convocatoria de bolsas de colaboración entre o alumnado para o desenvolvemento da aplicación (proposta de contrato-programa coa Vicerreitoría de Novas Tecnoloxías e Calidade).</p> <p>MELLORA E ADECUACIÓN DAS INFRAESTRUCTURAS DOCENTES Cantidade: 7000 Concepto: Mellora e reubicación do equipamento informático do profesor nas aulas de teoría</p> <p>Cantidade: 15000 Concepto: Dotación para o equipamento dos laboratorios e seminarios do anexo (financiado pola Vicerreitoría do Campus de Ourense)</p> <p>Cantidade: ... Concepto: División de aulas grandes en aulas de 70 alumnos (financiado pola Vicerreitoría do Campus de Ourense)</p> <p>Cantidade: ... Concepto: Saneamento e adecuación do espazo deixado polo CACTI para a instalación das salas de libre acceso e de PFC, o que permitirá crear dous seminarios máis na terceira planta (financiado pola Vicerreitoría do Campus de Ourense)</p>
Observacións	

Acción de Mellora CD-03/0708: INCREMENTO DA OFERTA DE FORMACIÓN COMPLEMENTARIA	
Punto débil	Escasez de formación complementaria ás titulacións da ESEI
Planificación da acción	
Obxectivos	Impartir cursos de formación complementaria para alumnos e profesores Manter e, de ser posible, incrementar o número de materias que impartan parte da súa docencia en algún idioma extranxeiro.
Actuacións previstas	Fomentar a organización de cursos de nivelación ou cursos cero para alumnos de novo ingreso.
	Fomentar que o profesorado acuda ás convocatorias de Extensión Universitaria e outras para organizar cursos de interese para o alumnado.
	Celebración de conferencias de diversos temas.
	Fomentar e incentivar dende a Comisión de Actividades Culturais a organización de xornadas e cursos.
	Publicitar as charlas e conferencias tanto no ámbito universitario como fora do mesmo.
	Organizar cursos de idiomas para o PDI e o PAS da ESEI
Responsable do seguimento	Incentivar aos profesores que impartan algún grupo de docencia nun idioma extranxeiro
Indicadores de execución / acción	Subdirectora de Organización Académica
Recursos / financiación	Número de actividades formativas complementarias organizadas e nivel de participación, satisfacción e aproveitamento.
Recursos / financiación	CURSO DE NIVELACIÓN DE MATEMÁTICAS Cantidade: 1800 euros Concepto: organización dun curso de 30 horas de fundamentos matemáticos para alumnos de novo ingreso.
	CURSOS DE IDIOMAS PARA PAS E PDI Cantidade: 3000 euros Concepto: impartir cursos de inglés para PAS e PDI en diferentes niveis
	MATERIAS IMPARTIDAS EN IDIOMAS EXTRANXEIROS Cantidade: 1800 euros Concepto: incentivos para os profesores que impartan algún grupo en algún idioma extranxeiro
Observacións	

Acción de mellora CD-04/0708: INCREMENTO DO NÚMERO DE ALUMNOS PRESENTADOS A EXAMEN	
Punto débil	Tempo de finalización de estudos inadecuado na titulación de Enxeñería Técnica en Informática de Xestión.
Planificación da acción	
Obxectivos	Reducir o número de materias con índices de non presentados superiores ao 50%
Actuacións previstas	Identificar as materias con índices de non presentados superiores ao 50% e selección dun conxunto de materias obxectivo.
	Solicitar aos profesores responsables das materias implicadas que indiquen as medidas que adoptarán no curso 2007/2008 para reducir a porcentaxe de non presentados.
	Elaborar informes de cumprimento e seguimento das medidas adoptadas
	Publicitar adecuadamente entre o alumnado as cifras de aprobados sobre presentados en cursos anteriores nas diferentes materias do Centro.
	Incentivar mediante material e na VAD ao profesorado das materias que participen na acción de mellora, en función dos resultados acadados.
Responsable de seguimento	Subdirectora de Organización Académica
Indicadores de execución / acción	Tempo de finalización de estudos. Índices de non presentados das materias.
Recursos / financiación	INCENTIVOS EN MATERIAL PARA O PROFESORADO DAS MATERIAS OBXECTIVO Cantidade: 3000 euros Concepto: incentivación mediante material ao profesorado según as actuacións previstas
Observacións	

Acción de Mellora CD-05/0708: MELLORA DOS RESULTADOS ACADÉMICOS	
Punto débil	Tempo de finalización de estudos inadecuado na titulación de Enxeñería Técnica en Informática de Xestión.
Planificación da acción	
Obxectivos	Mellorar a taxa de éxito na titulación de Enxeñería Técnica en Informática de Xestión.
Actuacións previstas	Escoller un conxunto de materias cunha baixa taxa de éxito.
	Solicitar aos profesores responsables das materias seleccionadas que indiquen as medidas que adoptarán no curso 2007/2008
	Elaborar informes de cumprimento e seguimento das medidas adoptadas
	Publicitar adecuadamente entre o alumnado as cifras de resultados académicos en cursos anteriores nas diferentes materias do Centro.
	Incentivar ao profesorado das cinco materias con mellor Índice de Resultados Docentes no curso 2006/2007 en cada titulación.
	Incentivar mediante material e na VAD ao profesorado das materias que participen na acción de mellora, en función dos resultados acadados.
Responsable do seguimento	Subdirectora de Organización Académica
Indicadores de execución / acción	Tempo de finalización de estudos. Tasas de éxito.
Financiación	<p>REDUCCIÓN DA PORCENTAXE DE SUSPENSOS Cantidade: 4200 euros Concepto: incentivación mediante material ao profesorado das materias que participen na acción de mellora, en función dos resultados acadados.</p> <p>MATERIAS CON MELLOR ÍNDICE DE RESULTADOS DOCENTES (IRD) Cantidade: 5000 euros Concepto: incentivación mediante material ao profesorado según os resultados obtidos no cálculo do IRD</p>
Observacións	<p>Índice de Resultados Docentes:</p> $IRD = \frac{Apr}{Matr} \times [(0.25 \times EAD_{mat}) + (0.75 \times VAD_{mat})]$ <p>Apr: Alumnos aprobados Matr: Alumnos matriculados EAD_{mat}: valoración da materia na Enquisa de Avaliación Docente do curso 06/07 VAD_{mat}: media ponderada (según os créditos asignados en POD para cada profesor) do Indicador I1 da Valoración da Actividade Docente do profesorado da materia.</p>

PLAN DE XESTIÓN DE PROCESOS E SISTEMAS DE INFORMACIÓN

Acción de Mellora PS-01/0708: DESENVOLVEMENTO E IMPLANTACIÓN DE PROCESOS ADMINISTRATIVOS E DE XESTIÓN NO SISTEMA DE INFORMACIÓN DA ESEI	
Punto débil	Escasa informatización de procesos administrativos, de xestión e de apoio á Dirección.
Planificación da acción	
Obxectivos	Desenvolver, implantar e manter aplicacións informáticas que den soporte a procesos administrativos, de xestión e de apoio ás tomas de decisión pola Dirección.
Actuacións previstas	Identificar e priorizar procesos que se poidan mellorar mediante o desenvolvemento e implantación de aplicacións informáticas integradas no sistema de información da ESEI
	Avaliar os recursos necesarios para o seu desenvolvemento.
	Establecer mecanismos de convocatoria para a realización das aplicacións planificadas (TADs, Proxectos Fin de Carreira, bolsas de colaboración,...)
Responsable de seguimento	Subdirector de sistemas
Indicadores de execución / acción	Número de procesos informatizados. Satisfacción dos usuarios.
Recursos / financiación	BOLSA DE COLABORACIÓN (12 meses) Cantidade: 4100 Concepto: convocatoria de bolsas de colaboración entre o alumnado para o desenvolvemento das aplicacións.
Observacións	

Acción de Mellora PS-02/0708: MELLORAR A CALIDADE DA INFORMACIÓN E A COMUNICACIÓN INTERNA	
Punto débil	Información desfasada na web, tablóns,... Escaso impacto da información nos alumnos.
Planificación da acción	
Obxectivos	Dispor de información sempre actualizada e correcta. Mellorar a comunicación interna na ESEI.
Actuacións previstas	Establecer mecanismos de revisión da calidade da información (web, tablóns, aulas, portas, prensa,...)
	Instalar un alimentador de noticias RSS para as novas e anuncios da ESEI
Responsable de seguimento	Instalar un sistema de pantallas no Edificio Politécnico para a difusión da información.
	Director
Indicadores de execución / acción	Grado de satisfacción dos usuarios coa información recibida.
Recursos / financiación	INSTALACIÓN DUN SISTEMA DE PANTALLAS Cantidade: 5000 Concepto: instalación dun sistema de pantallas para a proxección de novas de interese para o alumnado.
Observacións	

Acción de Mellora PS-03/0708: MELLORAR O PROCEDEMENTO DE RECOLLIDA DE QUEIXAS E SUXERENCIAS	
Punto débil	Deficiente mecanismo de recollida de queixas e suxerencias (buzón de queixas na Secretaría do Centro, en lugar pouco visible e inaccesible polas tardes)
Planificación da acción	
Obxectivos	Establecer mecanismos áxiles e efectivos de recollida de queixas e suxerencias dos alumnos do Centro.
Actuacións previstas	Instalar un buzón con follas de suxerencias nun lugar visible e accesible en calquera momento.
	Desenvolver na web da ESEI un sistema de recollida de queixas e suxerencias anónimas, que serán dirixidas aos principais responsables do Centro.
Responsable de seguimento	As convocatorias ordinarias da Comisión Permanente incorporará sempre un punto de "Queixas e suxerencias recibidas"
	Director
Indicadores de execución / acción	Grado de satisfacción dos usuarios coa información recibida.
Recursos / financiación	Non procede
Observacións	